



Probas materiais dos crímenes contra a humanidade.

Un estudo das pegadas da dictadura arxentina (1976-1983)

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao de Historia

Claudia González Villadóniga

Director: Antonio Miguez Macho

Julio Lisandro Cañón Voirín

Departamento de Historia

Curso 2020-2021

Resumo: O auto denominado coma “Proceso de Reorganización Nacional” (1976-1983) é un período da historia recente da Arxentina moi ligado ao exercicio da violencia política. Tras a transición e coa volta da democracia a necesidade da nación de coñecer da verdade vese reflectida nos procesos sociais e políticos. Este será o escenario no que se desenvolve esta nova liña de estudio. A arqueoloxía da represión pretende estudar o ocorrido mediante o análises das probas materiais por especialistas en diferentes disciplinas. Neste traballo trato de ofrecer unha visión xeral das investigacións levadas a cabo en torno á violación dos dereitos humanos mediante a análise do caso arxentino. A finalidade non é outra que a de construír unha pequena reflexión de como se dispón este novo campo de estudo, os seus principais problemas e o rol que xoga en relación coa sociedade, o estado e as políticas de memoria.

Palabras chave: dereitos humanos, violencia política, memoria histórica, arqueoloxía da represión.

Resumen: El autodenominado como “Proceso de Reorganización Nacional” (1976-1983) es un período de la historia reciente de Argentina muy ligado al ejercicio de la violencia política. Después de la transición democrática la necesidad de la población de conocer la verdad se ve reflejada en los procesos sociales y políticos. Este es el escenario en el que se desarrolla esta nueva línea de estudio. La arqueología de la represión atiende al estudio de lo ocurrido mediante el análisis de las pruebas materiales por especialistas de distintas disciplinas. En este trabajo trato de ofrecer una visión general de las investigaciones llevadas a cabo en torno a las violaciones de los derechos humanos mediante el análisis del caso argentino. Mi intención no es más que la de construir una breve reflexión acerca de como se articula este campo de estudio, sus principales problemas y el papel que juega en relación con la sociedad, el estado y las políticas de memoria.

Palabras clave: derechos humanos, violencia política, memoria histórica, arqueología de la represión

Abstract: The so-called "National Reorganization Process" (1976-1983) is a period in Argentina's recent history closely linked to the exercise of political violence. After the democratic transition, the population's need to know the truth is reflected in the social and political processes. This is the scenario in which this new line of study is developed. In this paper I try to offer an overview of the research carried out on human rights violations by analyzing the Argentinean case. The archaeology of repression deals with the study of what happened through the analysis of material evidence by specialists from different disciplines. My intention is no more than to construct a brief reflection on how this field of study is articulated, its main problems and the role it plays in relation to society, the state and memory policies.

Keywords: Human rights, political violence, archaeology

Índice de contidos

| | |
|--|-----------|
| INTRODUCCIÓN | 6 |
| 1.O TERRORISMO DE ESTADO | 8 |
| • O CASO ARXENTINO..... | 10 |
| • A CUESTIÓN DOS ”DESAPARECIDOS” | 12 |
| 2.NA PROCURA DA VERDADE | 15 |
| • TRAS OS CAMBIOS POLÍTICOS | 15 |
| • O PAPEL DAS PROBAS MATERIAIS..... | 17 |
| • A ANTROPOLOXÍA FÍSICA E OS CRIMES CONTRA OS DEREITOS HUMANOS..... | 22 |
| • OS CENTROS CLANDESTINOS DE DENTENCIÓN (CCD): ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E MECANISMOS DE REPRESIÓN | 25 |
| CONCLUSIÓNS | 30 |

INTRODUCCIÓN

O día 29 de Marzo do 1976 Jorge Rafael Videla toma oficialmente o mando da nación arxentina tras o golpe de estado levado a cabo cinco días antes polos membros da Xunta Militar, dando comezo ó auto denominado Proceso de Reorganización Nacional. Así entre 1976 e 1983 o país viviría baixo o réxime dunha ditadura militar caracterizada pola súa intensa política represiva, onde destaca o elevado número de vítimas. As violación dos dereitos humanos mediante prácticas represivas como o secuestro, execución, ou tortura convertéronse durante anos na constante do estado, que exercía a represión de forma clandestina¹.

A cuestión que se expón a través deste traballo é a importancia da abordaxe do pasado traumático dunha nación no que a violencia adquire un carácter tan destacado. Cada vez son máis os traballos e os especialistas dedicados ao estudo das cuestións relativas á represión e a memoria en relación aos dereitos humanos. Dende a década dos oitenta o campo foise desenvolvendo e adquirindo unha importancia notable.

Aquilo responde directamente á necesidade da sociedade de coñecer a verdade sobre a súa historia recente. Esta necesidade é unha realidade viva en moitos países. O trauma social que causa o exercicio sistemático de violencia non pode desaparecer mentres continúe a ser negada a propia existencia do seu exercicio. Isto adquire unha importancia maior se cabe ante a práctica masiva da “desaparición forzada”.

A demanda polo esclarecemento do acontecido e polo coñecemento do paradiro das vítimas de desaparición irá progresivamente trasladándose do ámbito máis familiar ata situarse no foco das axendas políticas nacionais. Os desaparecidos deixan tras de si un legado moi emblemático da violencia estatal e a represión exercida dende as altas esferas.

A represión política dos anos do Proceso de Reorganización Nacional foi categorizada moi cedo de terrorismo de estado tentando dar conta ao carácter sistemático, relativamente clandestino e organizado co que se levou a cabo. Para isto tratarei de entender o exercicio da violencia estatal en Arxentina durante o Proceso de Reorganización Nacional dentro do contexto do terrorismo de estado no Cono Sur. Unha vez entrado en materia, reflexionarei sobre a labor da “arqueoloxía da represión” e das probas materiais para coa procura da verdade.

¹ Sobre o carácter clandestino da represión véase Duhalde, Eduardo Luis. *El Estado terrorista argentino*. Buenos Aires, El caballito, 1983.

O meu propósito é o de facer unha achega cara ao papel das probas materiais no estudo da represión estatal e a súa importancia para a construción dun relato histórico real. Para isto tratarei de introducir o tema mediante unha breve contextualización, comezando polas particularidades do caso arxentino dentro do terrorismo de estado, facendo unha visual xeral do panorama do momento e afondando máis de miúdo na cuestión da desaparición forzada. Tras isto enlazarei coa transición e como mediante os cambios políticos as pesquiñas pola verdade foron aumentando entre a poboación, dando pe ao estudo do pasado recente dende a perspectiva da arqueoloxía da represión. Finalmente tentarei simplificar como polas características concretas das que se parte as probas materiais chegan a obter un papel vital e como mediante ferramentas como a antropoloxía física ou o estudo arqueolóxico conseguíuse avanzar na procura da verdade. O traballo especializado de antropólogos e arqueólogos pode marcar un antes e un despois na narración do relato cultural da nación co estudo dos restos que deixa tras de si a violencia e os seus espazos.

Para realizar este traballo baseeime principalmente no traballo de especialistas co campo da arqueoloxía, antropoloxía e historia, moitos deles partícipes da arqueoloxía do estudio da represión en Arxentina ou outras ditadura do Cono Sur. Entre estas destacas tales coma P. Calveiro, Izaguirre, J. Lampasona polo estudio do alcance exercicio da violencia, os campos de concentración e a desaparición forzada outros coma P. Funari, A. Zarankin e M. Salerno, E.D. Duhalde polas aportacións sobre a violencia do estado arxentino, memoria e a arqueoloxía da represión e máis D. Casallas e J. P. Piedrahita e C. Tcach e C. Iribarne ou M. Salado y L. Fondebrider, dedicándose á antropoloxía física en América Latina e o RAFA xunto co papel xeral desta nos estudos antropolóxicos como Z. Crossland. Estas solo son algúñas das moitas investigadoras aos que acudín como fonte para documentarme e sobre os que traballo. Os avances da arqueoloxía da represión na Arxentina conforman un referente a nivel internacional da loita polo dereito á verdade e memoria dos familiares e das mesmas vítimas.

1.0 TERRORISMO DE ESTADO

•TERRORISMO DE ESTADO EN AMÉRICA LATINA

O exercicio sistemático do terrorismo de estado é un identificativo das experiencias nas ditaduras do cono Sur na década dos 70's. Aquí, entendemos o terrorismo de estado como o exercicio dun sistema de persecución política, baseado nas acción represivas por parte do estado contra os seus opositores, caracterizada por unha violencia extrema con prácticas características non convencionais ata o momento². Cada país ten as súas peculiaridades no desenvolvemento dos seus acontecementos e réximes históricos pero o seu pasado conflitivo ten elementos comúns. Esta busca dunha denominación ou categorización reflicte a excepcionalidade represiva dos gobernos militares. Así xorde a necesidade social e académica de nomear e definir o fenómeno, que pese a que non é completamente novo non se vivira nunca con estas dimensións xeográficas e temporais³.

Xeralmente, o goberno das ditaduras estiveron conformados por oficiais das Forzas Armadas que, unha vez no poder, deron en alterar as leis ordinarias, substituíndoas por “leis marciais”. Estas funcionaron como excepcións ás constitucións de cada país e foron utilizadas para funcionar por encima destas sen necesidade de alteralas. Os sectores dominantes tiñan así a capacidade de limitar os dereitos e liberdades a pracer, pero sen levar a cabo a cambios radicais a nivel do funcionamento oficial⁴. O poder foi exercido dende unha institución do estado, as Forzas Armadas, que organizaría e articularía o poder con criterios institucionais.

Os sectores militares en América Latina tentaron lexitimar o seu acceso ao poder mediante diferentes discursos, insistindo en argumentos como a necesidade de manter os valores culturais propios -xeralmente identificados coas ideas asociadas á sociedade occidental e cristiá- ou ben á presenza dos movementos de esquerda como unha escusa para xustificar os seus actos. Defendendo a premisa de que os gobernos non eran capaces

² Jones, Daniel E. (2002) *Seis estudios sobre genocidio. Análisis de las relaciones sociales: otredad, exclusión y exterminio*. Eudeba, Buenos Aires.

³ Tcach, C. E., & Iribarne, M. C. (2014). *Desandando los caminos de la represión: Un acercamiento a la experiencia del Equipo Argentino de Antropología Forense*.

⁴ Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*.

de asegurar a orde social, auto identificáronse como o sector encargado da “garda dos intereses da patria”⁵. Aproveitaron o temor que suscitaba a nivel internacional a ameaza do comunismo e o utilizaron como pretexto para unha insurrección contra os seus gobernos constitucionais.

Os gobernos militares tentaron controlar a información, especialmente os aspectos máis comprometidos. Recorreron a diversas estratexias: censura, ocultación e destrución de documentos oficiais, buscando silenciar as voces dos sectores afectados pola violencia estatal. Así conseguiron por moitos anos manter a nivel oficial a súa versión da historia como a dominante.

Na década dos 80s, o retorno da democracia posibilitou que se puxera o punto de mira nas ditaduras latinoamericanas e se lles outorgara protagonismo a nivel internacional ás voces que loitaban polos dereitos humanos. Co paso do tempo, facilitouse a labor da aparición nos medios de comunicación das cuestións relativas ao exercicio do terrorismo de estado e a realidade da represión vivida baixo estas.

No momento no que a represión deixou progresivamente de estar presente a nivel oficial, os cidadáns intensificaron as súas reclamacións de verdade e a xustiza polo sucedido. Tras a caída das ditaduras as familias e amigos dos afectados xunto con as diversas organizacións polos dereitos humanos tiveron a oportunidade de facerse oír levando as súas demandas cara o foco público. Así fixeron unha chamada de atención internacional sobre os excesos cometidos polas forzas do estado. A meirande parte das sociedades de Latinoamérica sentían a necesidade de coñecer a realidade da súa historia recente. O movemento polos dereitos humanos, nun primeiro momento, tentou reunir probas para xulgar aos responsables dos crimes e actos represivos cometidos, xunto coas consecuencias das ditaduras⁶.

⁵ Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*.

⁶ Para este apartado seguimos a argumentación de Zarankin e Salerno.

- O CASO ARXENTINO

A intervención das Forzas Armadas e paramilitares en Arxentina, destaca pola intensidade da súa violencia. O secuestro, a tortura, as execucións extraxudiciais ou o ocultamento dos corpos foron algunhas das prácticas que caracterizaron a intensidade da represión. Entre 10.000 e 30.000 persoas foron suxeito-objeto da represión, xerando unha sensación de inquietude e incerteza nos familiares e coñecidos dos afectados e sumindo á sociedade nun sentimento de impotencia e sometemento moi arraigado⁷. En palabras da investigadora Pilar Calveiro:

En el caso arxentino, la presencia constante de la institución militar en la vida política manifiesta una dificultade para ocultar el carácter violento de la dominación, que se mostra y se exhibe como una ameaza perpetua, como un recordatorio constante para el conxunto de la sociedade⁸.

Na súa concepción, o goberno non establece nas súas bases a condición como ditadura soberana. É dicir, non suspende as garantías constitucionais como tal, senón promulgando unha nova normativa, denominada Estatuto para el Proceso de Reorganización Nacional⁹. Neste, sinálase explicitamente a súa prioridade sobre o texto constitucional. Así, consegue unha normalización da organización da violencia estatal mediante a propia lei, aproveitando a propia estrutura institucional. Con esta modificación, o goberno, obtía a primacía e o control absoluto do aparello estatal, podendo levar adiante as súas políticas sen necesidade de alterar a nivel oficial as bases do estado.

O mencionado Estatuto manifestaba a pretensión refundacional da ditadura. Unha pretensión que se vencella co carácter da violencia represiva. En efecto, para lograr o éxito da súa empresa, a ditadura, comezou unha represión sobre os denominados “subversivos”. A represión estruturouse de tal maneira que, a nova orde, foi establecida mediante a aniquilación de subversivos e non subversivos¹⁰. O obxectivo non so era a

⁷ Salado, M., & Fondebrider, L. (2008). El desarrollo de la antropología forense en la Argentina. *Cuadernos de medicina forense*

⁸ Calveiro, Pilar. (1998) *Poder y desaparición. Los campos de concentración en Argentina*. Buenos Aires.

⁹ Reglamento para el funcionamiento de la Junta Militar, Poder Ejecutivo y Comisión de Asesoramiento Legislativo; Estatuto para el Proceso de Reorganización Nacional (Boletín Oficial, 31/3/1976).

¹⁰ Zarankin, A., Niro, C. (2002) *La materialización del sadismo, arqueología de la arquitectura de los Centros Clandestinos de Detención de la dictadura militar argentina (1976-1983)*.

eliminación dos grupos revolucionarios ou contrarios ao réxime, senón tamén unha vontade disciplinaria de cara a sociedade, deixando clara a tecnoloxía do poder do goberno.

No dispositivo disciplinario do goberno negación-ocultamento foi o binomio distintivo, por unha banda, encubriendo as responsabilidades no secuestro e no paradoiro das vítimas e, por outra, agochando as evidencias dos feitos¹¹. O sistema mediante o que o goberno exerce o seu poder represivo presenta diferentes rexistros de actuación, dende os que funcionan na clandestinidade como os encargados das labores de secuestro, tortura e execución dos secuestrados, ata os que levan o proceso administrativo e institucional ligado a estas mortes. As forzas de seguridade ocultaron a súa responsabilidade na secuestro e desaparición das vítimas, cubrindo as súas pegadas e desentendéndose dos seus actos. As evidencias, recollidas polo persoal do estado, aínda na actualidade adoita levar consigo dificultades para o acceso, obstaculizado e dilatado por parte do estado.

Os militares utilizaron a forza represiva do estado, pero tamén campañas de acción psicolóxica para xeneralizar o medo dentro da poboación, tentando desalentar calquera tipo de resistencia¹². Pódese dicir que o terror é utilizado como un medio para moldear as actitudes da poboación e para cambiar a orde social. Noutras palabras, o terror exercido é internalizado pola sociedade, crea o que os antropólogos e psicólogos sociais denominan como “trauma social” e a “cultura do medo”¹³. O trauma colectivo causado é moito máis grande que a suma dos sufrimentos individuais dos represaliados, xa que leva consigo unhas consecuencias sociais que afonda nas identidades e que, ó longo prazo, termina por modificar as significacións comúns¹⁴.

O disciplinamento social e da vida privada tivo unha repercusión moi grande, alentado pola ferocidade, magnitude e perseveranza no tempo da represión. A sofisticación que chega a alcanzar o sistema punitivo e o nivel de terror presenta unhas proporcións

¹¹ Tcach, C. E., & Iribarne, M. C. (2014). *Desandando los caminos de la represión: Un acercamiento a la experiencia del Equipo Argentino de Antropología Forense*. p. 146

¹² Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*. p. 23

¹³ Tcach, C. E., & Iribarne, M. C. (2014). *Desandando los caminos de la represión: Un acercamiento a la experiencia del Equipo Argentino de Antropología Forense*. p. 146

¹⁴ Robben Antonius. (2008) *Pegar donde más duele. La violencia política en Argentina*. Barcelona.

excepcionais. O control e intromisión estivo presente en practicamente todas as esferas da vida causando a ansiada inmovilización total de calquera tipo de resistencia activa ou pasiva á ditadura.

- A CUESTIÓN DOS "DESAPARECIDOS"

A "desaparición forzada" foi unha das fórmulas máis características para a eliminación da oposición nas ditaduras latinoamericanas do último terzo do século XX. O secuestro das vítimas funciona mediante a intervención de grupos paramilitares, estes actuaban no marco da organización clandestinas do estado¹⁵. As súas dinámicas de ocultación fixeron que a información relativa aos detidos non fose de coñecemento público, manténdose lonxe do coñecemento da sociedade.

Miles de persoas de todas as idades e ocupacións foron secuestradas e moitas continúan desaparecidas a día de hoxe. A "desaparición forzada" non foi un método de actuación único do Proceso de Reorganización Nacional pero si que foi único no alcance e saldo de vítimas e na duración no tempo do seu uso como modelo de destrución da disidencia a nivel sistemático.

A desaparición de persoas é utilizada como unha estratexia de conxunto para a desarticulación dos sectores políticos e sociais combativos. A ditadura, mediante o exercicio do terror, produzo fondas fendeduras na percepción das liberdades e da vida, que acabarían por causar conduta que aínda marcan a sociedade no momento actual¹⁶. É preciso sinalar que a práctica da desaparición forzada supón tanto a subtracción da identidade para os represaliados, como a negación do duelo pola perda aos seus familiares. A ausencia de información nos seres queridos crea unha sensación de "morte inconclusa"¹⁷.

Neste mecanismo represivo o papel da desinformación é fundamental. A negación da existencia dos crimes -ao non haber evidencias oficiais- que ocasiona para a poboación unha

¹⁵ Véase Duhalde, Eduardo Luis. *El Estado terrorista argentino*. Buenos Aires, El caballito, 1983.

¹⁶ Lampasona, J. (2013). *Desaparición forzada en Argentina: entre la desaparición y la sobrevivencia. O sobre la 'regla' y la 'excepción' en el despliegue de la tecnología de poder genocida*. Aletheia

¹⁷ Tcach, C. E., & Iribarne, M. C. (2014). *Desandando los caminos de la represión: Un acercamiento a la experiencia del Equipo Argentino de Antropología Forense*. p. 149

sensación de non ter capacidade de reacción. Ambas estratexias tentan garantir a impunidade dos perpetradores dos crimes, manténdose lonxe de posibles implicacións¹⁸.

Unha pequena parte dos secuestrados puido regresar, sendo liberada, como testemuño da tecnoloxía do poder estatal. A testemuña dos liberados tamén constitúe unha proba do poder desaparecedor, provocando rupturas sociais e vulnerando aos sectores máis combativos do campo popular xunto coa estigmatización, a sospeita e a denuncia¹⁹. Ambos exercicios, desaparición e liberación conformaban unha mesma misión, a disciplina e o medo da poboación, operando nun dobre rexistro, o da individualidade vulnerada e o conxunto de relacións sociais que este constitúe (entorno, afectos e especialmente espazos de pertenza política)²⁰.

Esta dobre articulación na produción de secuestrados-desaparecidos e secuestrados-liberados opera como parte da complexidade e do alcance que abarca a política represiva, reforzando a percepción conxunta que deixa na sociedade. Os relatos dos sobreviventes dan conta e detalle á magnitude do terror e, ao mesmo tempo, creaba unha sensación de sospeita e desconfianza continua que alimentaba o retraemento da sociedade e o avance do sector político e colectivo. Así, o supervivente se establece como un elemento particular dentro das dinámicas de poder e acción da violencia como unha ferramenta adicional, situada no nodo mesmo da sociedade e da acción represiva, coa función de acercar ambas. Como inciso final, e sen intención de profundar no tema, cabe destacar o arquetipo xeral dos “desaparecidos” como un grupo de persoas novas, politicamente comprometidas e de xénero masculino, cando non esixiu un modelo único ao que atenderan. Durante os anos da ditadura foron secuestradas persoas sen distinción de xénero, oficio, rango de idade,

¹⁸ Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*.

¹⁹ Lampasona, J. (2013). *Desaparición forzada en Argentina: entre la desaparición y la sobrevivida. O sobre la'regla'y la'excepción'en el despliegue de la tecnología de poder genocida*. Aletheia

²⁰ Vega Martínez (1997) *La desaparición: un proceso mucho más complejo que la muerte de un individuo*.

provincia etc. País, nais, fillos e fillas, avós e avoas, mulleres embarazadas, individuos que a represión non tivo problema en facer desaparecer²¹.

²¹ Para máis información consultar “Registro Unificado de Víctimas del Terrorismo de Estado” do goberno arxentino.

2. NA PROCURA DA VERDADE

- TRAS OS CAMBIOS POLÍTICOS

No 1983, tras o fin da ditadura, iníciase o proceso de transición democrática. Parte dese proceso estará marcado polas investigacións xudiciais dos crimes da ditadura. O chamado “Xuízo ás Xuntas” (1985) sentou un precedente internacional. O traslado das investigacións á xustiza civil deuse pola demora que, máis ben era unha negativa, mostraba a xustiza militar por xulgar os crimes²². Mais, a “lei de punto final” (1986) paralizaría a continuación das investigacións. E, finalmente, a “lei de obediencia debida” declarará como non punibles os actos cometidos polos membros das Forzas Armadas, que rematarían por ser indultados.

Durante a transición, os crimes contra a humanidade constituíron a cuestión social a resolver inmediatamente pola democracia. O goberno disporía unha serie de medidas dedicadas ao seu abordaxe. Nese sentido, cabe destacar a derogación da auto amnistía, sancionada polos propios perpetradores, e o, xa mencionados, xuízo. Con todo, a intensidade e a maneira de abordar o tema iría variando durante os anos e coas propostas de cada conxuntura política. Iso si, o debate non desaparecería en ningún momento da escena política. Os gobernos van modificando o seu discurso con respecto ao pasado e a importancia da obrigaón de esclarecer os feitos e as responsabilidades da xustiza con respecto ao recente pasado violento do mesmo.

As investigación levadas adiante pola xustiza tiveron que enfrontar nun primeiro lugar a reacción das Forzas Armadas. Estas, nunha especie de pacto de silencio, pecharon filas. O anterior, implica, por un lado, un encubrimento activo dos autores materiais da represión e, por outro, a negación de información que posibilite o esclarecemento sobre o ocorrido coas vítimas. A necesidade de buscar e atopar os secuestrados-desaparecidos, os lugares onde puideron ter desaparecido, lugares de cativerio, sepultura. Así como, determinar as identidades, causa da morte e procura dos nenos nados durante o cativerio das súas nais.

²² Salerno, M. A., & Zarankin, A. (2015). *Consolidar lo hecho; ir por lo que falta: Una reflexión sobre la arqueología de la última dictadura militar en Argentina.*

Os equilibrios políticos marcan unha gran diferenza á hora da subvención e o tratamento estatal, cara o proceso de investigación e valorización da protección dos dereitos humanos. A situación é especialmente delicada tendo en conta os primeiros momentos da transición, manténdose en moitos dos seus postos a persoal implicado na ditadura e no seu aparello represivo²³. Boa parte dos implicados na ditadura continuaron a ocupar postos de responsabilidade e influencia durante o novo goberno, exercendo presión para demorar e obstaculizar as investigacións. A procura da verdade e da xustiza respondeu a múltiples intereses, sendo nalgũa ocasión manipulado o capital simbólico do proxecto por algúns sectores do goberno.

Có obxectivo de investigar os crimes da ditadura o goberno creou a Comisión Nacional sobre la Desaparición de Personas (máis coñecida como CONADEP). A iniciativa nace co obxectivo de recadar evidencias e testemuños para esclarecer os feitos relativos á desaparición forzada de persoas durante a ditadura. Como se establece no seu decreto de creación, as súas funcións serían as seguintes²⁴:

a) recibir denuncias y pruebas sobre aquellos hechos y remitirlas inmediatamente a la justicia si ellas están relacionadas con la presunta comisión de delitos; b) averiguar el destino o paradero de las personas desaparecidas, como así también toda otra circunstancia relacionada con su localización; c) determinar la ubicación de niños sustraídos a la tutela de sus padres o guardadores a raíz de acciones emprendidas con el motivo alegado de reprimir al terrorismo, y dar intervención en su caso a los organismos y tribunales de protección de menores; d) denunciar a la justicia cualquier intento de ocultamiento, sustracción o destrucción de elementos probatorios relacionados con los hechos que se pretende esclarecer; e) emitir un informe final, con una explicación detallada de los hechos investigados, a los ciento ochenta (180) días a partir de su constitución.

²³ Garaño, S., & Sarabayrouse Oliveira, M. J. (2018). *Violencia de Estado, burocracias y activismo de los derechos humanos: Aportes de la Antropología Social al estudio del pasado reciente dictatorial argentino*.

²⁴ Decreto 187/83 Comisión Nacional sobre la Desaparición de Personas, publicado no Boletín Oficial o 19 de Decembro do 1983.

A Comisión non poderá emitir xuízos sobre os feitos e circunstancias, xa que esta é unha labor exclusiva do poder xudicial. Sen embargo, poderá dar informe dos sucesos que consideren de relevancia ou de carácter delituoso. Para isto, terá autoridade de requirirille ás entidades e funcionarios do Poder Executivo nacional información e documentos que dispoñan necesarios para o seu traballo, así como o acceso aos lugares que considere.

A CONADEP non será a única organización de estas características. As coñecidas como comisións da verdade foron inauguradas coa creación da Comisión Nacional de Investigación de Desaparecidos Forzados (Bolivia 1982). A esta lle seguen a Comisión Nacional sobre la Desaparición de Personas (Argentina 1983), a Comisión Especial sobre Muertos y Desaparecidos Políticos (Brasil 1995), Comisión Nacional de la Verdad (Brasil 2011), Comisión Nacional de Verdad y Reconciliación (Chile 1990), Comisión Nacional sobre Prisión Política y Tortura (Chile 2003), Comisión de la Verdad y la Justicia (Paraguay 2003), Comisión Investigadora Parlamentaria sobre la Situación de Personas Desaparecidas y Hechos que la Motivaron (Uruguay 1985) e a Comisión para la Paz (Uruguay 2000). A finalidade da creación destas organizacións extraxudiciais é a de promover a investigación nas sociedades que tiveron que afrontar situacións de violencia política ou estatal, tentando construír un saber crítico do pasado recente para superar as pegadas que violencia deixa tras de si. Entre as súas principais demandas se atopan a investigación da violación sistemática dos dereitos humanos, a procura da responsabilidades e a identificación das causas e elementos principais da acción violenta emprendida polos Estados. Pretenden identificar as estruturas mediante as que foi exercido o terror e as súas ramificacións, tentando non so reivindicar a memoria das vítimas e buscando unha política de reparación ao dano causado que leve ao cese das funciones públicas daqueles que participaron directamente nestas violacións aos dereitos humanos.

- O PAPEL DAS PROBAS MATERIAIS

Atopámonos ante un contexto no que a meirande parte dos documentos tenden a excluír, minimizar ou distorsionar a presenza dos sectores afectados. A diferenza dos informes do estado, a materialidade dos corpos, obxectos e espazos resulta moito máis complexo de alterar. Do mesmo modo que os documentos, os obxectos participan na vida de todas

as persoas e poden dar testemuño dos acontecementos pasados. Así, mediante a análise arqueolóxica pódese darlle voz a feitos e grupos silenciados. Isto contribúe á elaboración dunha narrativa ou dun relato histórico diferente ao dominante, moi distorsionado polo goberno²⁵. Co obxectivo de levar a cabo unha achega ás probas materiais o máis completa posible, as técnicas e disciplinas implicadas no proceso de investigación comezaran a mudar.

A aplicación de estudos como a arqueoloxía, entomoloxía, antropoloxía física ou mesmo a xeoloxía foi unha novidade na investigación e para os servizos xudiciais. Nun primeiro momento non foi un recurso utilizado por parte dos xuíces e fiscais encargados dos casos, para o que se requiría unha reeducación cara o sistema xudicial e médico legal. Paso a paso a aplicación destas disciplinas incrementouse, abarcando non soamente as análises óseas, senón tamén labores noutras etapas como a investigación preliminar, recuperación arqueolóxica etc. Os médicos forenses e os criminalistas non estaban habituados as condicións dos restos polo que as análises resultaban moi xerais, sen profundar en cuestións como variacións biolóxicas ou particularidades da poboación ao cingirse unicamente a metodoloxías e procedementos en desuso como as táboas de sexo e idade²⁶. Sumando a isto a dificultade para atopar información “ante mortem”, a carencia de vontade política e falta de coordinación entre as competencias, entre outros, fixeron necesaria a concepción dunha nova práctica multidisciplinaria para tentar levar a investigación có persoal mellor capacitado.

Como proba disto temos as primeiras exhumacións, nas que podemos ver análises deficientes, perda de restos ou a destrución dos mesmos, xunto coa utilización de métodos e ferramentas inadecuadas, da que deriva a pouca ou nula documentación e a falta de resultados²⁷. Como resulta obvio, os casos de represión estatal non poden ser abordados dende mesma perspectiva que un caso criminal o un desastre masivo. Isto ven ligado principalmente ao orixe desta violencia. Trátase dun delito no que o propio estado

²⁵ Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*.

²⁶ Salado, M., & Fondebrider, L. (2008). *El desarrollo de la antropología forense en la Argentina. Cuadernos de medicina forense*

²⁷ Ibid.

e a maquinaria e a artífice da violencia. Isto fai que o caso adquira un matiz e unhas implicacións que o fan moito máis complexas²⁸.

- A ARQUEOLOXÍA DA REPRESIÓN

Estes serían os primeiros estudos dun campo que agora é denominado coma “arqueoloxía da represión”²⁹ e que se pode identificar como a área de estudos que xorde co desafío á historia oficial das accións represivas mediante a análise das súas materialidades³⁰. As novas xeracións e as súas investigacións implicará o compromiso político do traballo dos arqueólogos á hora de contribuír ao esclarecemento polos crimes cometidos. Por moito tempo a arqueoloxía mantívose afastada do estudo e investigación da represión das ditaduras latinoamericanas e das súas implicacións e consecuencias. Co retorno da democracia o interese das novas xeracións no seu pasado próximo incentivo a elaboración de traballos.

O desenvolvemento desta nova disciplina xerou a creación de espazos científicos e de diálogo en América Latina para contrastar as experiencias e os puntos en común do estudo dos sistemas represivos dos distintos gobernos da parte Sur do continente e o intento de sistematización dos estudos coma un conxunto. A arqueoloxía latinoamericana está cada vez máis comprometida coas causas sociais e o coñecemento e estudio dos feitos, ao marxe dos intentos de distorsión dos sectores implicados nos gobernos ditatoriais³¹.

A arqueoloxía da represión estivo considerada como unha disciplina non relacionada inicialmente co mundo académico. As universidades e o seu persoal investigador, nun primeiro momento, non concibiron a problemática como parte do campo de estudo das súas disciplinas, especialmente á histórica, e sufriu un acusado desinterese pola arqueoloxía tradicional, asociada ao pasado distante. As posibles razóns polas que moitos dos profesionais non quixeron participar nestas investigacións son tradicionalmente

²⁸ ²⁹ Bielous, S. D. (2012). *Los equipos de antropología forense en América Latina: coadyuvantes en el camino de la verdad y la justicia*. Red Universitaria sobre Derechos Humanos y Democratización para América Latina.

²⁹ Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*. p. 22

³⁰ Definición de Funari, P. P. A., & Zarankin, A. (2006). *Arqueología de la represión y la resistencia en América Latina (1960-1980)*. Editorial Brujas.

³¹ Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*.

asociadas coa persecución intelectual vivida durante anos anteriores ou a posibilidade da implicación ou afinidade ao réxime³².

A relación estreita que mantiveron as investigacións co mundo legal e xurídico fixo que por anos fora considerada por moitos como unha tarefa de peritos estatais e que permanecerá separada do programa de estudo das universidades³³. A meirande parte dos resultados dos traballos son publicados en informes oficiais das institucións e non nos medios de difusión científica, ou no que non se correspondía co habitual. Por enriba as ideas positivistas predominantes na disciplina arqueolóxica do momento identificaban o estudo arqueolóxico coma un saber científico e neutral. Esta percepción da disciplina fixo que moitos dos académicos consideraran que non era apropiado o seu compromiso con labores asociadas a motivos sociais e políticos³⁴.

No ano 1984 a asociación das “Madres de la Plaza de Mayo” xunto coa CONADEP farían unha chamada internacional para reunir un equipo especializado e poder avanzar coa procura de restos, nese momento prioritaria. O encargado de reunir este equipo sería o antropólogo forense Clyde Snow, que tentaría xuntar a arqueólogos e médicos do país. Ante a negativa dos especialistas do ámbito académico, que non ofreceron a súa colaboración, pese a encontrarse entre eles algún especialistas en análises de restos óseos³⁵ o equipo terminaría por estar composto na súa maioría de especialistas moi novos e mesmo estudantes, moitos dos cales acabarían formando o Equipo Arxentino de Antropoloxía Forense (EAAF).

O EAAF establecerase como unha organización non-gobernamental para mostrarse independente das forzas do estado, aínda moi asociadas coa imaxe do réxime pola súa implicación directa³⁶. Estes corpos gobernamentais non tiñan o apoio do sector público,

³² Salerno, M. A., & Zarankin, A. (2015). *Consolidar lo hecho; ir por lo que falta: Una reflexión sobre la arqueología de la última dictadura militar en Argentina*.

³³ Bielous, S. D. (2012). *Los equipos de antropología forense en América Latina: coadyuvantes en el camino de la verdad y la justicia*. Red Universitaria sobre Derechos Humanos y Democratización para América Latina.

³⁴ Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*.

³⁵ Salerno, M. A., & Zarankin, A. (2015). *Consolidar lo hecho; ir por lo que falta: Una reflexión sobre la arqueología de la última dictadura militar en Argentina*. p. 154

³⁶ Ibid.

xa que nin posuían a capacidade técnica ou a experiencia requirida para levar adiante as investigacións. Pero, tampouco contaban coa confianza dos familiares das vítimas, xa que estes foran parte do sistema oficial cómplice do réxime. A actividade dos equipos está apartada destes procesos precisamente pola vontade de apartarse das diferentes visións das políticas gobernamentais para co pasado recente.

A repercusión destas investigacións non foi so nacional, senón que conseguiu crear un impacto a nivel internacional na crecente defensa do dereito á verdade, xunto con avances no marco dos dereitos humanos e un foco maior nos delitos de lesa humanidade, tentando facer un rexeitamento activo ás estruturas que manteñen o poder e impiden dar os feitos a coñecer e atopar os restos desaparecidos. Ademais, a investigación e recolección de evidencias dos crimes cometidos poderá evitar a negación do ocorrido, en palabras del propio Snow: “Cada vez que recuperamos o esqueleto dunha persoa nova cun burato de bala no pescozo resulta máis difícil vir con argumentos”³⁷.

O primeiro obxectivo do EAAF foi detectar, exhumar e identificar os restos dos denominados como NN ou “ningún nome”: individuos represaliados cuxa identidade é descoñecida. Os estudos realizados polo EAAF permitiron coñecer de maneira máis completa as estratexias represivas da ditadura. Os seus primeiros traballos centraranse nas tumbas dos NN, constatando a presenza de trazos de tortura e asasinato nos restos. Moitas deses restos das persoas represaliadas estaban en fosas comúns³⁸. Ata fin da década dos 90’s, as súas pescudas estiveron orientadas á recuperación e identificación dos restos óseos dos desaparecidos, tanto en cemiterios como en fosas comúns. Isto conforma unha etapa clave na conformación desta disciplina científica, axudando á formación de grupos de investigación focalizados na arqueoloxía forense.

Tras estes primeiros anos, se ben continuou cos traballos anteriores, engádese o avance en investigacións relativas aos centros de reclusión (coñecidos como Centros Clandestinos de Detención), dotando á investigación de unha maior riqueza e

³⁷ Bielous, S. D. (2012). *Los equipos de antropología forense en América Latina: coadyuvantes en el camino de la verdad y la justicia*. Red Universitaria sobre Derechos Humanos y Democratización para América Latina.

³⁸ Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*.

transversalidade nos contextos de investigación. A cultura material como son os espazos e obxectos tamén poden considerarse como un factor simbolicamente construído. Así os obxectos serían considerados como elementos activos que so cobran sentido mediante a súa contextualización social e histórica. Estes poden ter moito potencial á hora de tentar acercar pasado e presente, á vida na ditadura, ás vítimas, ás súas historias e as consecuencias que tivo o terrorismo de estado sobre a sociedade e os individuos que a conforman³⁹.

- A ANTROPOLOXÍA FÍSICA E OS CRIMES CONTRA OS DEREITOS HUMANOS

A análise dos restos esqueletizados supón unha grande ferramenta de estudo, á hora de colleitar todas as evidencias posibles do sucedido e tentar construír unha historia realista e fundamentada. Así, abre a posibilidade de coñecer a realidade, negada durante anos ás familias e á mesma sociedade. Busca reconstruír o pasado que a poboación e o mundo reclama coñecer⁴⁰. A antropoloxía forense aplicada as investigacións da “arqueoloxía da represión” combina metodoloxías da criminoloxía, do traballo de campo arqueolóxico e da antropoloxía biolóxica, xunto da contribución de outras ferramentas como as do campo das análises xenéticas.

Os aportes da antropoloxía física dentro da “arqueoloxía da represión” foron fundamentais a nivel social para a recuperación de evidencias e o avance nos procesos xudiciais. A nova posición da antropoloxía forense, como fonte de documentación das violacións aos dereitos humanos, logra mostrar unha incidencia moi fonda na percepción dos acontecementos e especialmente nos procesos penais. Isto implica unha axuda moi grande no ámbito internacional respecto ós delitos de lesa humanidade, establecendo un precedente para a actuación⁴¹.

A identificación dos restos responde a moitos factores, xa que pese á introdución de métodos de evidencia máis avanzados como o estudo do ADN, a tarefa de laboratorio é a

³⁹ Salerno, M. A., & Zarankin, A. (2015). *Consolidar lo hecho; ir por lo que falta: Una reflexión sobre la arqueología de la última dictadura militar en Argentina*.

⁴⁰ Tcach, C. E., & Iribarne, M. C. (2014). *Desandando los caminos de la represión: Un acercamiento a la experiencia del Equipo Argentino de Antropología Forense*. p. 150

⁴¹ Bielous, S. D. (2012). *Los equipos de antropología forense en América Latina: coadyuvantes en el camino de la verdad y la justicia*. Red Universitaria sobre Derechos Humanos y Democratización para América Latina.

suma dun traballo que reúne varios pasos e, en moitas ocasións, o uso de varias técnicas ou disciplinas. Aquí xoga un papel importante a testemuña das familias e persoas próximas, a indagación sobre o lugar de detención, localización de fosas, a orde de deposición dos restos etc. En resumo, todo o que aporte información da posible identidade dos corpos.

Tamén xoga un papel moi importante as condicións arqueolóxicas nas que se atopan os restos. Nun estado óptimo poden aportar información sobre o momento e a maneira na que foi depositados os restos. Os enterramentos poden ser clasificados en función das evidencias e aportar información que axude a distinguir como se exercía a violencia, modelos comúns a diferentes gobernos, as prácticas habituais etc. A intención é a de estudar todo o que poida aportar información para precisar o mellor posible as hipóteses sobre as identidades dos restos e o que lles sucedeu⁴².

Para aqueles restos, nos que a vía do ADN non funcione (sexa por falta de mostras de familiares para cotexar ou imposibilidade de extraer información xenética completa), existe outra vía para reconstruír as identidades, mediante a dedución pola inclusión no conxunto de corpos. A “liña de caída”, é dicir, data de detención, centro no que estivo retido, data na que foi “trasladado” ou executado e demais información relativa ao momento de “desaparición” pode ter unha importancia moi grande. A labor de investigación e comparación de documentos é crucial debido a esta dobre actuación do goberno á hora da expedición das partidas de defunción legalmente e seguindo os procesos burocráticos tras ter sido asasinados fóra dos marxes legais e sen deixar parte. Este feito facilitou a posibilidade de formular hipóteses para a identificación dos restos óseos dos NN atopados nas exhumacións⁴³.

Antes de poder formular hipóteses débese levar a cabo unha investigación que para sintetizar podería simplificarse en torno a tres etapas: unha primeira ou preliminar; a asociada á recuperación arqueolóxica dos restos; e a terceira que se centra nas análises no

⁴² Tcach, C. E., & Iribarne, M. C. (2014). *Desandando los caminos de la represión: Un acercamiento a la experiencia del Equipo Argentino de Antropología Forense*.

⁴³ Ibid.

laboratorio das evidencias obtidas⁴⁴. O estudo da “arqueoloxía da represión” require das investigacións para participar en causas sociais e comprometidas politicamente, sen abandonar o ideal da obxectividade nas investigacións e a visión crítica das evidencias, mantendo un carácter técnico na procura e análises das probas materiais⁴⁵.

A fase preliminar componse da investigación do contexto, axentes, e modo de operación mediante os posibles lugares de detención, morte ou inhumación, información das vítimas tal como unha posible listaxe, datos persoais e físicos, testemuñas, etc. Esta información pode axudar a esclarecer posibles liñas de investigación e acercarnos coa localización de fosas e a reconstrución dos feitos e permite a creación dunha base de datos específica para acoutar as procuras. Para obter esta información, resulta necesario revisar fontes tanto escritas (informes dos organismos e comisión, documentos oficiais do momento, fotografías, denuncias dos organismos polos dereitos humanos) ou orais (testemuñas referidas ás vítimas, sobreviventes, testemuña, axentes estatais).

A parte relativa á práctica arqueolóxica atinxe ao relativo á escavación e recuperación das evidencias óseas e artefactuais e a información que as rodea. En moitos casos os equipos recorren ao apoio noutras disciplinas como a xeoloxía para identificar os espazos onde poder atopar as fosas ou as áreas de exhumación. Cada intervención implica o deseño das estratexias específicas de recuperación e os aspectos técnicos e loxísticos que esta implica, xunto cos posibles problemas que se poden dar en función da preservación da área, posibles deterioracións, etc. O obxectivo é evitar a perda das evidencias e outros erros, para intentar efectuar unha intervención o máis completa posible. Tamén implica o estudo das evidencias dentro do contexto e a súa relación con outros posibles casos, a investigación previa e as posteriores análises de laboratorio e o seu rexistro escrito e gráfico, para describir os achados e fundamentalos para a documentación do contexto orixinal unha vez extraídos os restos.

A última etapa, se corresponde cos estudos dos restos e os obxectos atopados. No caso dos restos dos NN, a análise tenta descubrir a identidade da vítima xunto coa causa da

⁴⁴ Salado, M., & Fondebrider, L. (2008). *El desarrollo de la antropología forense en la Argentina. Cuadernos de medicina forense*

⁴⁵ Salerno, M. A., & Zarankin, A. (2015). *Consolidar lo hecho; ir por lo que falta: Una reflexión sobre la arqueología de la última dictadura militar en Argentina.*

morte e das posibles lesións, dependendo de moitos factores como as condicións nas que se conservan, o seu estado, a calidade da investigación e a información previa, o acceso a rexistros médicos e historial das posibles vítimas, unha base de ADN coa que comparar as mostras obtidas etc. Toda a investigación documéntase nun informe detallado dos resultados obtidos para o seu posterior procesamento⁴⁶.

Pese a isto, segue a haber dificultades e problemáticas que rodean a procura de restos que os avances na medicina forense non poden alcanzar, tales como nos que os esqueletos presenten un grao de fragmentación demasiado alto, ósos queimados, en mal estado etc. que igual nunca poden ser identificados con seguridade. A isto se engaden os restos que non poden ser identificados, porque ninguén os reclamou e a cuestión de onde depositalos⁴⁷.

Por último, cabe destacar a “Iniciativa Lationamericana para la Identificación de Personas Desaparecidas”. Con esta iniciativa, o EAAF puido aumentar as posibilidades de identificación en individuos, mediante a comparación cunha base de datos masiva formada por mostras de sangue dos familiares e os restos das vítimas.

- OS CENTROS CLANDESTINOS DE DENTENCIÓN (CCD): ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E MECANISMOS DE REPRESIÓN

A ditadura creou os que serán coñecido como “Centros Clandestinos de Detención” (CCD). Estes, foron os lugares de reclusión que actuaron coma prisións clandestinas, onde os detidos eran cativos por longos períodos de tempo. Nestes, as persoas eran interrogadas mediante o uso sistemático da tortura.

Os CCD funcionan coma unha institución punitiva, cuxa finalidade principal non esta na detención e reeducación dos individuos, senón na destrución e na eliminación das súas personalidades, tanto para con eles mesmos coma na sociedade. Foron utilizados durante a ditadura coma un novo modelo punitivo, con elementos de diferentes sistemas represivos anteriores. No estudo dos CCDs se tenta abarcar dende unha perspectiva

⁴⁶ Salado, M., & Fondebrider, L. (2008). *El desarrollo de la antropología forense en la Argentina. Cuadernos de medicina forense*

⁴⁷ Salerno, M. A., & Zarankin, A. (2015). *Consolidar lo hecho; ir por lo que falta: Una reflexión sobre la arqueología de la última dictadura militar en Argentina.*

arquitectónica e de distribución espacial ata o efecto que neles se exercía sobre os secuestrados, tanto física coma psicolxicamente. O funcionamento e organización polo que se rexen os CCD está en función do seu valor como ferramenta de poder⁴⁸.

O carácter clandestino dos CCD foi moi representativo da súa misión como ferramenta do estado, xa que, o descoñecemento da súa existencia, negada e ocultada polas autoridades ditatoriais fai deles unha especie de “non-lugar”, no que os represores puideron actuar de maneira totalmente libre e sen limitacións⁴⁹.

Pese a funcionar en clandestinidade, os CCD tiñan unha organización premeditada, que permitía levar a cabo as desaparición sistemáticas e cubrir as súas pegadas ao mesmo tempo. O sistema conseguiu manter a localización e funcionamento destes centros na clandestinidade ata o punto de que a sociedade descoñece da súa existencia. Nalgunha ocasión funcionan dentro de outros edificios adaptados en parte para tal cuestión. Foron mantidos por moitos anos á marxe da legalidade e dos rexistros institucionais conseguido permanecer invisibles e ocultos á sociedade e constituírse como “non-lugares”. Aínda anos despois da transición o feito descubrir a localización destes centros sorprende a gran parte da sociedade. O ter diante, sen sabelo, durante tanto tempo un lugar onde se torturou e asasinou a centos de secuestrados e non terse dado conta do que estaba pasando tras as paredes, foi algo que marcou a miles de persoas. Un secuestrado puido ter pasado longas estadías detido e apartado do seu entorno, estando realmente a dúas calles da casa na que naceu. Exemplos como este representan este intencionado illamento do desaparecido, que non só se ve privado da interacción con outros individuos se non da propia interacción como individuo coa sociedade⁵⁰.

Os CCD evidencian a planificación do sistema punitivo do estado pola súa organización interna e medidas de control dos cativos, que fai evidente a intención clara de eliminar aos individuos denominados como “subversivos”. O protocolo co que se levaba a cabo o

⁴⁸ Zarankin, A., Niro, C. (2002) *La materialización del sadismo, arqueología de la arquitectura de los Centros Clandestinos de Detención de la dictadura militar argentina (1976-1983)*.

⁴⁹ Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*.

⁵⁰ Zarankin, A., Niro, C. (2002) *La materialización del sadismo, arqueología de la arquitectura de los Centros Clandestinos de Detención de la dictadura militar argentina (1976-1983)*.

proceso á chegada do individuo, a subtracción das vestimentas, a asignación do código numérico que substituiría ao seu nome como secuestrado, as posteriores sesións de torturas e interrogatorios, privación da luz e atados etc. todos elementos para afondar na despersonalización. Ademais, a existencia destes lugares funciona como unha testemuña do cambio no exercicio de poder do estado, funcionando como unha evidencia innegable da violencia exercida polo estado.

Os mecanismos de represión buscaban a destrución da identidade do detido mediante procedementos como a privación da visión, as torturas, falta de alimentos e de hixiene, condicións de aloxamento extremas, prohibición da comunicación ou a substitución dos nomes por códigos e a privación da roupa. Estas ferramentas de deshumanización dan conta da complexidade do modelo punitivo dos estados terroristas⁵¹.

Os cambios na aparencia durante a reclusión e o momento da morte (como a privación da vestimenta ou o seu cambio, cambios no aspecto físico pola tortura entre outros) poden ser un factor que contribúa coa eliminación da identidade baixo a premisa da súa condición coma desaparecido⁵². Estes aspectos poden ser estudados mediante a documentación xunto coas evidencias recollidas das exhumacións e se fora posible as testemuñas dos superviventes e familiares etc.

Esta destrución da identidade tentaba cubrir as súas pegadas convertendo a persoas en corpos anónimos, desligados de marcas distintivas como suxeito. Esta estrutura represiva atende á eliminación da vontade da persoa, cortando os lazos que o vinculan coa súa historia e as súas vivencias para debilítalo e favorecer a posibilidade de delatar os seus camaradas e volverse obediente ao sistema⁵³. Os represores tampouco utilizaban os seus nomes reais, identificándose baixo alcumes para ocultar a súa identidade. Este factor tamén pode ser asociado coa intención de manter dúas personalidades diferenciadas, por un lado a súa identidade como individuo e por outra a de verdugo do aparello represivo.

⁵¹ Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*.

⁵² Salerno, M. A., Zarankin, A., & Perosino, M. C. (2013). *Arqueologías de la clandestinidad: una revisión de los trabajos efectuados en los centros de detención clandestinos de la última dictadura militar en Argentina*.

⁵³ Zarankin, A., Niro, C. (2002) *La materialización del sadismo, arqueología de la arquitectura de los Centros Clandestinos de Detención de la dictadura militar argentina (1976-1983)*.

Existían mecanismos para evitar que os detidos atentaran contra a súa propia vida e estratexias para prever as tentativas de fuxida⁵⁴.

O estudo da arquitectura e organización desde elementos permite acercarnos a materializar a ideoloxía á que responde mediante os seus discursos “materiais” ou “non-verbais”, representadas nas evidencias presentes nos CCDs. A súa intencionalidade destrutiva, o plan para aniquilar calquera disidencia, a corrupción do sistema militar e o sadismo presente no discurso estatal. A instalación das salas de tortura adoitaba situarse no interior do edificio, nun espazo central que, por un lado, evitaba largos traslados dos detidos e, por outro, favorecía que todos os individuos pechados nas celas puideran escoitar e sentir as torturas e demais castigos. Así, mediante esta disposición simbólica o sistema deixaba patente o seu poder sobre as vidas dos desaparecidos⁵⁵.

Para o estudo dos CCDs a reapertura e avance dos xuízos tivo unha gran repercusión. Esta dependeu en gran medida da actitude do goberno en función aos cambios nas iniciativas dos partidos no poder. A creación de diferentes leis e indultos con foco nas investigación mantívose en todo momento baixo a premisa da reconciliación nacional.

A procura da verdade do acontecido nos centros e o funcionamento do aparello operativo da violencia na política estatal estivo ausente en moitos momentos ou ocupou un lugar secundario⁵⁶. Pode verse unha carencia no que a estudos sobre os CCD e os lugares testemuña da violencia, pero os avances no campo comezan a ser notables nestes últimas décadas. As metas dos proxectos dos CCD confórmanse sobre dous obxectivos principais: xerar un estudo da arquitectura dos CCD e a súa organización espacial; e a contribución á construción dunha memoria material da represión da ditadura, que permita comprender mellor a funcionalidade e significado do que implica como instrumento do aparello punitivo⁵⁷.

⁵⁴ Zarankin, A., Niro, C. (2002) *La materialización del sadismo, arqueología de la arquitectura de los Centros Clandestinos de Detención de la dictadura militar argentina (1976-1983)*.

⁵⁵ Ibid.

⁵⁶ Salerno, M. A., & Zarankin, A. (2015). *Consolidar lo hecho; ir por lo que falta: Una reflexión sobre la arqueología de la última dictadura militar en Argentina*.

⁵⁷ Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*.

Moitos lugares foron transformados en espazos para a memoria: algún ex CCD como o Club Atlético, prazas, parques, placas, monumentos. Estes espazos aparecen suxeitos a moitos detonantes. Algún nace espontaneamente como a ronda das “Nais da Praza de Maio” ou o “Siluetazo”. Outros son creados ou construídos coa colaboración do estado (moi debatida). O estado mostrouse disposto a crear unha nova historia oficial sobre o sucedido durante os anos da ditadura e das súas consecuencias. Algún sector critica a creación dos espazos da memoria como iniciativa do goberno, argumentando que poden parecer entre outras unha compensación do sistema por eludir a súa obrigaón de comprometerse coa xustiza e a memoria⁵⁸.

Como exemplo, podemos destacar o “Parque da Memoria”. Xurdiu, a diferenza dos ex centros clandestinos, como unha expresión de resistencia durante un momento no que o poder político quería localizar nese mesmo lugar un monumento á reconciliación nacional. Este primeiro proxecto deixaba de lado as demandas sociais que requirían xustiza ante a suspensión dos xuízos polos “decretos do perdón”.

Hai moitos interrogantes en torno a estes lugares como os debates éticos que suscita a súa xestión, en que lugares deberían de estar localizados ou que historia estaban realmente a contar. Os espazos para a memoria na cidade de Bos Aires están distribuídos e visibilizados para contribuír a esclarecer a narrativa do realmente sucedido e sinalar os lugares anteriormente ocultados e o que neles sucedeu⁵⁹. A visita aos interiores desde espazos estimula a reflexión sobre o sistema represivo e o cativerio, establecendo unha relación directa co ocorrido neses mesmos lugares anos antes. Outros como o “Parque da memoria” visibilizan a magnitude das dimensións da represión e mediante as placas conmemorativas ás vítimas cos seus nomes contribúen a devolver a identidade a aqueles a quen lles foi usurpada durante décadas. Pese a que non todos estes espazos gozan da mesma sinalización e importancia o seu papel non sexa a mesma seguen a ser mostras da verdadeira historia do sucedido, dando voz aos que se lles arrebatou⁶⁰.

⁵⁸ Zarankin, A., & Salerno, M. A. Capítulo 9. “*Todo está guardado en la memoria*”. *Reflexiones sobre los espacios para la memoria de la dictadura en Buenos Aires*

⁵⁹ Garaño, S., & Sarrabayrouse Oliveira, M. J. (2018). *Violencia de Estado, burocracias y activismo de los derechos humanos: Aportes de la Antropología Social al estudio del pasado reciente dictatorial argentino*.

⁶⁰ Zarankin, A., & Salerno, M. A. Capítulo 9. “*Todo está guardado en la memoria*”. *Reflexiones sobre los espacios para la memoria de la dictadura en Buenos Aires*

Os espazos para a memoria foron resultado de diferentes políticas de conmemoración e de proxectos colectivos integrados por diferentes sectores da sociedade, dende os representantes do estado, sobreviventes, organizacións polos dereitos humanos etc. O estudo destes espazos e a súa materialidade involucra durante todo o seu desenvolvemento unha loita constante contra os sectores simpatizantes ou implicados nestas e que dilataron e obstaculizaron os procesos de investigación. Todo forma parte dun proceso social moi complexo e que moitas veces non evoluciona de maneira gradual ou continua, se non que ven determinada da vontade dos individuos que a compoñen.

CONCLUSIÓNS

As evidencias materiais, as testemuñas, documentos, espazos, mesmo os restos das vítimas represaliadas son elementos que compoñen a memoria dun país. Xuntos axudan a formar a narrativa mediante a que se constrúe a historia dos pobos⁶¹. Estes acontecementos, máis alá de ser obxecto de estudo histórico non deixan de ser vivencias comúns a un grupo moi grande de individuos, vivencias comúns que marcan a súa identidade como sociedade. Gran parte destes elementos que compoñen a memoria foron negados durante moito tempo ao pobo arxentino, e continúan a ser negadas a no que ás circunstancias da “desaparición forzada” refírese.

A memoria debe de ser construída sobre feitos e estudos reais que poidan dar resposta á sociedade e aos familiares das vítimas. O estudo das probas materiais e a procura dos restos debería ser un elemento central para dotar estes conceptos de contido. A arqueoloxía da represión non solo contribuíu coa comprensión dos sistemas punitivos da ditadura se non que colaborou activamente coa construción dunha memoria material dos crimes contra os dereitos humanos⁶².

Mentres os estudos da represión continúen a crecer -dotando á memoria histórica das súas evidencias- a cultura material pode contribuír a tarefa de elaborar un relato fundamentado dos excesos da ditadura. Os lugares e obxectos relacionados co exercicio de poder poden servir como disparadores da memoria que utilizados de maneira consciente funcionar como recordatorio dos crimes cometidos para entender a historia.

⁶¹ Salerno, M. A., & Zarankin, A. (2015). *Consolidar lo hecho; ir por lo que falta: Una reflexión sobre la arqueología de la última dictadura militar en Argentina*.

⁶² Ibid.

A finalidade é a de chegar aos individuos e colectivos a realidade da represión e persecución do terrorismo de estado sobre a cidadanía, servindo para manter viva a lembranza do que non debe de volverse repetir. Así funcionan como un recordatorio da necesidade de ter un compromiso moral activo co respecto dos dereitos humanos⁶³.

A xusticia e a memoria, a reparación, a verdade non son conceptos vacuos ou parte dun discurso superficial. Polo contrario deberían constituír unha necesidade social. Un dereito ao que poder acudir coma cidadán⁶⁴. O gran desafío ao que se enfrenta a disciplina vai máis alá dos estudos históricos, profundamente ligado coa xestión no presente e a sociedade.

Ante sucesos tan graves como os crímenes cometidos durante os anos do “Proceso de Reorganización Nacional” o único camiño a seguir para sanar o pasado traumático da nación é o da investigación e a procura da verdade.

En palabras dos investigadores Salado e Fondebrier:

Aínda que en cada país, grupo cultural étnico ou relixioso, proceso político ou método represivo existan evidentes diferenzas a necesidade dos familiares de respostas, de respecto, de apoio e da dignificación das vítimas é basicamente a mesma. Os principios fundamentais dos que se sustentan os dereitos humanos non son meras palabras subscritas en convencións se non que son compromisos tanto do Estado como dos seus cidadáns.

⁶⁴ Salado, M., & Fondebrider, L. (2008). *El desarrollo de la antropología forense en la Argentina. Cuadernos de medicina forense*

⁶⁵ Ibid.

BIBLIOGRAFÍA

- Bielous, S. D. (2012). *Los equipos de antropología forense en América Latina: coadyuvantes en el camino de la verdad y la justicia*. Red Universitaria sobre Derechos Humanos y Democratización para América Latina.
- Calveiro, Pilar. (1998) *Poder y desaparición. Los campos de concentración en Argentina*. Buenos Aires, Colihue
- Casallas, D., & Piedrahita, J. P. (2004). *Antropología forense en el conflicto armado en el contexto latinoamericano. Estudio comparativo Argentina, Guatemala, Perú y Colombia*. Maguaré
- Crossland, Z. (2013). *Evidential regimes of forensic archaeology. Annual review of Anthropology*.
- Duhalde, Eduardo Luis. *El Estado terrorista argentino*. Buenos Aires, El caballito, 1983.
- Funari, P. P. A., & Zarankin, A. (2006). *Arqueología de la represión y la resistencia en América Latina (1960-1980)*.
- Garaño, S., & Sarrabayrouse Oliveira, M. J. (2018). *Violencia de Estado, burocracias y activismo de los derechos humanos: Aportes de la Antropología Social al estudio del pasado reciente dictatorial argentino*.
- Izaguirre, Inés. (1992) *Los desaparecidos: recuperación de una identidad expropiada*. Buenos Aires, Cuadernos del IIGG, Facultad de Ciencias Sociales
- Jones, Daniel E. (2002) *Seis estudios sobre genocidio. Análisis de las relaciones sociales: otredad, exclusión y exterminio*. Eudeba, Buenos Aires
- Korstanje, M. E. (2014). *ANTROPOLOGIA DE LA MEMORIA: De la represión al genocidio*.
- Lampasona, J. (2013). *Desaparición forzada en Argentina: entre la desaparición y la sobrevivida. O sobre la'regla'y la'excepción'en el despliegue de la tecnología de poder genocida*. Aletheia

Leiton, D. M. (2009). *Hacia una arqueología del pasado contemporáneo. La Zaranda de Ideas*

Novaro, Marcos y Palermo, Vicente.(2003) *La Dictadura Militar 1976/1983. Del Golpe de Estado a la restauración democrática*. Buenos Aires, Paidós

Robben Antonius. (2008) *Pegar donde más duele. La violencia política en Argentina*. Barcelona

Salado, M., & Fondebrider, L. (2008). *El desarrollo de la antropología forense en la Argentina. Cuadernos de medicina forense*

Salerno, M. A., & Zarankin, A. (2015). *Consolidar lo hecho; ir por lo que falta: Una reflexión sobre la arqueología de la última dictadura militar en Argentina*.

Salerno, M. A., Zarankin, A., & Perosino, M. C. (2013). *Arqueologías de la clandestinidad: una revisión de los trabajos efectuados en los centros de detención clandestinos de la última dictadura militar en Argentina*.

Tcach, C. E., & Iribarne, M. C. (2014). *Desandando los caminos de la represión: Un acercamiento a la experiencia del Equipo Argentino de Antropología Forense*.

Tcach, C. E., & Iribarne, M. C. (2014). *Desandando los caminos de la represión: Un acercamiento a la experiencia del Equipo Argentino de Antropología Forense*.

Tello, M. E. (2018). *Historias de (des) aparecidos. Un abordaje antropológico sobre los fantasmas en torno a los lugares donde se ejerció la represión política*.

Vega Martínez (1997) *La desaparición: un proceso mucho más complejo que la muerte de un individuo*.

Zarankin, A., & Salerno, M. (2008). *Después de la tormenta. Arqueología de la represión en América Latina*.

Zarankin, A., & Salerno, M. A. Capítulo 9. "Todo está guardado en la memoria". *Reflexiones sobre los espacios para la memoria de la dictadura en Buenos Aires*

Zarankin, A., Niro, C. (2002) *La materialización del sadismo, arqueología de la arquitectura de los Centros Clandestinos de Detención de la dictadura militar argentina (1976-1983)*.